

Suplemento
realizado
pola Mesa pola
Normalización
Lingüística

A MESA POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

Quinta feira,
5 de outubro
de 2017
Número 13

O proxecto Tosta adquire forma de documental e de libro >>>>> **4-5**

O profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato acláranos as dúbidas a respecto das conxuncións >>>>> **5**

A Mesa participa na reunión anual da Rede Europea para a Igualdade das Linguas >>>>> **7**

Máis de 28.000 sinaturas en prol do galego no ámbito socioeconómico >>> **2-3**



A ILP impulsada pola Mesa rexístrase con máis de 28.000 sinaturas



A iniciativa lexislativa popular que promove A Mesa para garantir os dereitos lingüísticos no eido empresarial e comercial acadou un grande apoio popular, reflectido en máis de 28.000 sinaturas que se rexistraron o 20 de setembro no Parlamento de Galiza.

Miles de persoas viron na proposta da Mesa pola Normalización Lingüística a resposta ás carencias que aínda ten o noso idioma a pesar dos 34 anos que pasaron da Lei de normalización lingüística. “Son 28.000 sinaturas ao dereito á liberdade de empregarmos o galego sempre e en todo lugar”, explicou Celia Armas, membro da permanente da asociación, no momento de rexistrar no Parlamento de Galiza as sinaturas que sustentan a iniciativa lexislativa popular (ILP) impulsada pola Mesa.

Previamente ao rexistro das sinaturas Marcos Maceira, presidente da entidade, e Celia Armas mantiveron un encontro co presidente da cámara ga-

lega, Miguel Santalices, imaxe da portada deste caderno, para presentarlle o contido da proposta que se debaterá nas próximas semanas no Parlamento para a súa toma en consideración. Se o voto é favorable, comezará o proceso de transformación en lei.

Esta iniciativa, que case triplica o número de apoios esixido, quere acabar coa frase famosa que tantos e tantas escoitamos en tantas ocasións: o me habla castellano o no le atiendo, mais tamén quere pór fin ás limitacións para o uso do galego para o empresariado que quere transmitir calidade, proximidade, empatía cos e coas consumidoras mais só atopan obstáculos.

En relación a isto último, existe unha grande expectativa e apoio cara

á ILP por parte das traballadoras e traballadores do sector da teleatención que na Galiza emprega milleiros de persoas. Representantes deste sector como Laura Pérez da CIG-Bosch afirma que “será positivo para manter os postos de traballo no país e evitarmos a deslocalización”.

As xuntanzas

A Mesa non só percorreu ducias de concellos, eventos, feiras e festas para socializar o contido e detalles da campaña, senón que nas últimas semanas desenvolveu unha intensa xeira de contactos con diferentes responsábeis políticos e institucionais para tratar de conseguir o voto favorable a estas medidas.



Principais puntos que inclúe a proposta de lei

1. Dereito á atención en galego.
2. Dereito a recibir en galego calquera información, avisos ou instrucións, de maneira oral ou escrita, calquera que sexa o formato.
3. Dereito a dispor de contratos e formularios en galego.
4. Respecto pola toponimia galega, única e oficial.
5. Dereito a termos opción de galego na teleatención.

Neste senso, representantes da Mesa mantiveron xuntanzas con todos os grupos parlamentares do Parlamento de Galiza –PP, En Marea, PSOE e BNG– co secretario xeral de Política Lingüística (SXPL), Valentín García; co presidente da Federación

de Municipios e Provincias (FEGAMP), Alfredo García; coa directora xeral de Comercio e Consumo, Sol María Vázquez; coa xerente do Instituto Galego de Consumo (IGC), María Jesús Muñoz; co presidente da Confederación Galega de Empresarios (CGC), Antón

Arias; e co presidente do Consello da Cultura Galega (CCG), Ramón Villares.

Todas estas citas serviron para que a Mesa lles presentase un documento legislativo co que se pretende garantir os dereitos lingüísticos que eviten casos de vulneración de dereitos básicos, polo simple feito de utilizar a lingua propia de Galiza

. Todas as citas tiveron como punto común o respecto ante a proposta e a felicitación polo traballo desenvolvido pola asociación.

Agravio con respecto a vasco e catalán

De se aprobar esta proposta legisla-

tiva, a lingua galega deixaría de ser a única lingua do Estado que non conta cunha lexislación semellante para protexer quen usa o galego. No caso

do vasco os dereitos que contempla a ILP xa están recollidos no Estatuto das persoas consumidoras e usuarias e no catalán, no Código de consumo de Catalunya.

Voltaaser, máisunhavez, o enorme impulso popular quen vai conseguir unha mudanza práctica, real, para a nosa lingua, que debe comezar coa toma en consideración, continuar coa aprobación da lei correspondente e finalmente coa súa aplicación práctica e medíbel.

**A INICIATIVA CASE
TRIPLICA O NÚMERO
DE APOIOS ESIXIDO**

O equipo da Mesa pola Normalización Lingüística á entrada do Parlamento o día en que rexistrou as máis de 28.000 sinaturas.

Preséntase o documental Tosta e *Unha guía*

Nesta iniciativa as linguas minorizadas gañan protagonismo

A Mesa e a Deputación da Coruña conmemoraron o Día Europeo das Linguas con este documental que amosa un proxecto innovador para dar a coñecer a música, paisaxe ou literatura de 7 linguas da costa atlántica. Esta iniciativa consolida pontes de colaboración entre as comunidades lingüísticas participantes que cualifican de sobresaliente o resultado desta experiencia.



O pasado 26 de setembro estreábase no Teatro Colón da Coruña o documental que recolle a experiencia do proxecto Tosta de cooperación entre comunidades de linguas minorizadas do que formou parte a Mesa pola Normalización Lingüística. A Mesa, en colaboración coa Deputación da Coruña, aproveitou a conmemoración do Día Europeo das Linguas para presentar un documental que narra a experiencia vivida en 2016, ano en que se celebraron sete encontros pola diversi-

dade que xuntou culturas e linguas doutras tantas nacións da costa atlántica europea.

O proxecto Tosta xorde dentro da programación de Donostia 2016, Capital Europea da Cultura. Alén do filme editouse un libro chamado *Unha guía imperfecta* que ofrece unha proposta práctica para axentes culturais e normalizadores que traballan en proxectos internacionais e queren promover prácticas de xestión respectuosas coas linguas minorizadas.

Tosta reivindica a diversidade lin-

güística desde o punto de vista das linguas minorizadas, concretamente do galego, o vasco, o galés, o frisio, irlandés, gaélico escocés e córnico. A participación galega neste proxecto correu a cargo da Mesa pola Normalización Lingüística.

As linguas minorizadas, protagonistas

O presidente da asociación en defensa e promoción do galego, Mar-

O PROXECTO CONTINUARÁ EN 2018, CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DA CAPITAL EUROPEA DA CULTURA EN LEEUWARDEN, FRISIA

cos Maceira, destaca o éxito do proxecto á hora de mostrar “os problemas e a proximidade que teñen todas estas linguas en situación de minorización”. En canto ao libro presentado, Maceira fai fincapé en que é o “resultado práctico do que se viu no

desenvolvemento dunha iniciativa en que as linguas que estaban minorizadas tiveron o protagonismo”. Lembrou o deseño do proxecto a

Marcos Maceira e Celia Armas, coa vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín.

imperfecta

Para mellorarmos a calidade da nosa lingua

As conxuncións

Xosé Ramón Freixeiro Mato

As conxuncións son palabras gramaticais morfoloxicamente invariábeis que actúan como relacionantes; introducen cláusulas e por veces tamén frases. A conxunción simple está formada por unha palabra (“e”, “que”, “como”) e a conxunción complexa ou locución conxuntiva por máis de unha (“aínda que”, “de maneira que”). Segundo a relación lóxico-semántica que estableceren entre as unidades sintácticas a que serven de nexos clasifícanse en copulativas, disxuntivas e distributivas, adversativas, causais, concesivas, condicionais, finais, temporais, modais, locativas, comparativas, consecutivas, proporcionais e completivas.

Varias das unidades recollidas nas gramáticas como conxuncións entran plenamente dentro do grupo dos marcadores discursivos e, de modo especial, no subgrupo dos conectores, de que xa falamos. De todos os xeitos, é boa ocasión para incidirmos na recomendación de uso dos conectores aditivos “alén disto/diso” e “alén do máis” como sinónimos de “ademais”, do consecutivo “por tanto” e nomeadamente dos contraargumentativos “en troca”, “polo contrario”, “ora (ben)”, “porén”, “no entanto” e “mais” en substitución do omnipresente e castelánizante “pero”, entre outros.

A repasarmos algunhas formas das conxuncións, cómpre repararmos en que a copulativa prototípica é sempre “e” na escrita, embora se poida pronunciar como “i” só cando a palabra seguinte comezar por vogal (“Xoán e Pedro” vs. “o neno e a nena”); a locución “e mais” (“Fixémolo entre el e mais eu”) é máis propia do rexistro informal, en canto a súa variante “a mais” debe ficar reducida ao ámbito coloquial.

Canto á conxunción causal “porque” (“Traballo porque quero ter un salario”), convén diferenciala da forma substantivada “porque” (“Ignoro o porque da súa conduta”) e de “por que”, con varios valores segundo as

combinacións da “por” con “que” como pronome interrogativo (“Por que o fixeches?”), relativo (“Esa é a razón por que o fixen” = “pola cal o fixen”) ou segundo elemento dunha locución conxuntiva con valor final (“Fixo todo o posíbel por que o expulsasen”). A conxunción consecutiva “conque” (“Non había ninguén, conque marchei”) tamén se distingue de “con que”, combinación de “con” con “que” como pronome interrogativo (“Con que andas agora?”), relativo (“O traballo con que ando é agradábel”) ou conxunción (“Conformouse con que o chamase”), alén de locución conxuntiva condicional (“Con que escribas algo, xa aprobas”).

Por seu turno, a secuencia “se non” está formada pola conxunción condicional “se” a introducir unha cláusula negativa con “non” (“Irei

se non o anunciases”), que mesmo pode ter todos os demais elementos elididos (“Se quixeres podes vir, se non, fica na casa”) ou ficar como marca única de expresión dunha dúbida precedida e seguida de pausa (“Non tiñas razón; se non, consulta coa profesora”). Alén disto, convén ter en conta que a conxunción condicional “se” costuma levar o verbo en futuro de subxuntivo cando o verbo principal exprime idea de futuridade (“Se conducires, non bebas”); e non se confunda o futuro de subxuntivo, sempre introducido por unha conxunción

subordinante, co infinitivo flexionado, que pode ir introducido por unha preposición (“Se fixeres unha festa, avisa” vs. “De faceres unha festa, avisa”). No caso da forma aglutinada “senón”, pode funcionar como conxunción adversativa substituíbel por “mais” (“Non cómpre discutirmos, senón acordarmos”), nexos comparativos substituíbel por “máis que” en oracións negativas (“Non fai senón enredar”) e preposición equivalente a ‘excepto’ (“Estiveron todas as mulleres senón dúas”).

Entre as conxuncións concesivas, desbotado o españolismo “*unque”, é preferíbel “aínda que” a “inda que”, ao tempo que se debe prescindir de “*pese a que” en favor de “a pesar de que” (non “*a pesares de que”); outrosí, debe potenciarse “se ben que” (“Gaña moito, se ben que traballa bastantes horas”). Están a acrecentar a súa presenza na lingua escrita a locución concesiva “malia que”, sospeitosa de ser produto da interferencia castelá, e a conxunción máis vigorante no portugués “embora”, que sempre ten de ir co verbo en subxuntivo (“Iremos votar, embora chova”).

Por último, as conxuncións comparativas “coma” e “ca” é mellor reservalas só para cando o segundo elemento da comparación for un pronome persoal tónico (“É tan alto coma min, máis listo ca ti e máis novo que o teu irmán”).

**A CONXUNCIÓN “E”
PODE PRONUNCIARSE
COMO “I” SÓ CANDO
A PALABRA SEGUINTE
COMEZAR POR VOGAL**




través de contedores aos que se lle foi sumando a carga cultural en cada un dos portos dos distintos países para formar parte do barco Tosta 2016 que navegaba cun rumbo común.

O proxecto non rematará aquí, senón que terá continuidade o vindeiro ano con motivo da conmemoración da Capital Europea da Cultura en Leeuwarden, Frisia, en que estará de novo presente a lingua galega que é a mellor maneira de dar a coñecer a nosa música, cultura ou literatura.

Xosé Ramón Freixeiro Mato é catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña. As súas principais liñas de investigación son a gramática galega e a lingüística textual, a lingua literaria e a estilística, e a historia externa da lingua, a sociolingüística e a calidade lingüística.

Usar *Galiza* non pode restar puntos

Reprenden unha alumna por usar esta forma lexítima do topónimo



A polémica decisión dun mestre do CEIP Santa Irene de reducirlle nota a unha alumna de 9 anos por empregar *Galiza* foi denunciada pola Mesa como vulneración de dereitos lingüísticos.

O pasado mes de xuño chegaba á Mesa pola Normalización Lingüística a queixa dunha nai que denunciaba un caso de inxustiza lingüística sufrido por unha nena de 4º de primaria no CEIP Santa Irene de Porto do Son. O caso tiña a ver con que un mestre do centro lle restou puntuación á moza, de tan só 9 anos, nun exame de Ciencias Sociais polo simple feito de empregar a forma *Galiza*.

Ante esta situación, o presidente da Mesa, Marcos Maceira, reclamoulle á Xunta de Galiza que cumpra "coa súa obriga de garantir os dereitos lingüísticos" e lembrou que a asociación recibe moitas queixas por vulneración de dereitos lingüísticos no ensino. Malia todo, a dirección do centro nun escrito do 6 de xuño reafirmou a súa postura, na que conta co aval da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Este caso de vulneración lingüística

bate frontalmente coas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* aprobadas polo plenario da Real Academia Galega en 2003, onde se recolle que "*Galiza tamén é unha forma lexítimamente galega, amplamente documentada da época medieval, que foi recuperada no galego contemporáneo*".

O termo *Galiza* é lexítimo e correcto, polo que non se pode cualificar de falta de ortografía. Este non é un caso illado, de aí que animemos a denunciar a través da Liña do Galego todos os casos de discriminación lingüística.

A Valedora desoe o caso

O caso foi trasladado tamén á valedora do Pobo, que "nin tan sequera se molestou en facer unhas mínimas pesquisas ou reclamar información á inspec-

ción educativa", segundo Maceira.

Desde a Consellaría de Educación e desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística apoiaron o criterio empregado polo mestre, xa que, segundo apuntan, o termo legal e oficial para se referir á Comunidade Autónoma é Galicia, malia admitiren que *Galiza* é válido para calquera outro uso que non se refira á denominación oficial do país, no ámbito xurídico.

Lamentamos a actitude sectaria da valedora por se negar a defender os dereitos lingüísticos e amparar a quen si os vulnera. Lembramos que non é o primeiro caso que a máxima responsable desta institución, Milagros Otero, pecha sen defender a quen sofre discriminación lingüística e ampara actitudes galegóforas.

"GALIZA TAMÉN É UNHA FORMA LEXITIMAMENTE GALEGA, AMPLAMENTE DOCUMENTADA DA ÉPOCA MEDIEVAL", SINALA A RAG



A Mesa, presente na Rede Europea para a Igualdade das Linguas

A asociación participou na reunión anual do colectivo no País Valencià

A reunión anual que realiza a Rede Europea para a Igualdade das Linguas (ELEN) tivo, neste ano 2017, o epicentro no País Valencià. Neste encontro Galiza estivo presente da man da Mesa pola Normalización Lingüística, concretamente da súa vicepresidenta, Elsa Quintas, e do seu coordinador de zonas, Paulo Filgueiras, que participaron nesta cita.

Unha delegación da Mesa pola Normalización Lingüística asistiu en xuño ao encontro do Comité de Dirección da Rede Europea para a Igualdade das Linguas (ELEN). A Mesa, que conta cunha vicepresidencia nesta organización internacional, estivo representada nesta ocasión por medio da súa vicepresidenta, Elsa Quintas, e do seu coordinador de zonas, Paulo Filgueiras.

O obxectivo que ten a ELEN é a busca de beneficios mútuos, a promoción e protección das linguas europeas minorizadas, traballar para a igualdade real de todas as linguas e para ser unha voz para os falantes de linguas non normalizadas a nivel europeo e internacional. A entidade representa 42 comunidades lingüísticas de 23 Estados europeos e ten carácter de organismo consultivo do Parlamento Europeo, do Consello de Europa, das Nacións Unidas e da UNESCO. Forma parte, ademais, da Plataforma de ONG da Comisión Euro-

pea para Multilingüismo, a Plataforma de ONG para Cultura, a Plataforma de ONG para a Axencia de Dereitos Fundamentais da UE, e do Consello Económico e Social da ONU.

O comité de dirección precede á asemblea xeral que se celebrará en novembro, tamén en Valencia, e no que se aprobará a incorporación de novas entidades de diferentes estados europeos.

No encontro celebrado en Valencia concretáronse as accións que vai realizar no próximo ano en diferentes organizacións internacionais como o Consello de Europa, a Unión Europea, a Organización das Nacións Unidas. A este respecto contouse coa participación e as achegas de Sixto Molina, secretario xeral da Carta Europea das Linguas do Consello de Europa.

Neste comité de dirección valorouse tamén a importancia do Proto-

colo de Donostia para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos, que foi presentado por Paul Bilbao, secretario xeral de Kontseilua, o consello dos organismos sociais do eúscaro, impulsor do documento.


Pola parte galega presentouse a campaña de impulso á ILP a favor dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico. Ademais trataronse as cuestións relativas á situación das linguas do Reino Unido, de Cataluña, as perspectivas para a linguas vasca, corsa, bretoa, e occitana diante das eleccións francesas, a campaña

para unha lei do gaélico no norte de Irlanda, e o húngaro de Hungarian em Transilvania.

Previamente ao comezo do encontro, unha representación de ELEN foi recibida polo presidente de les Corts Valencianes, Enric Morera.

**O ENTE REPRESENTA
42 COMUNIDADES
LINGÜÍSTICAS DE 23
ESTADOS EUROPEOS**

Encuentro co presidente de Les Corts Valencianes.



28 000 SINATURAS

PARA GARANTIR A IGUALDADE
DE DEREITOS DO GALEGO
NO ÁMBITO SOCIOECONÓMICO
XA ESTÁN NO PARLAMENTO

GRAZAS A TODAS AS PERSOAS
QUE APOIARON ESTA INICIATIVA